

VALORACIÓN DEFINITIVA DOS MÉRITOS, LUGAR, DATA E HORA DA REALIZACIÓN DA PROBA PRÁCTICA PARA PROVER POR CONCURSO-OPOSICIÓN A CONTRATACIÓN DUN TÉCNICO/A DO PROGRAMA PARA A XESTIÓN DE CANDIDATURAS E PROXECTOS ENMARCADOS NO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA NEXT GENERATION EU E NO NOVO MARCO FINANCEIRO PLURIANUAL 2021-2027 PARA O CONCELLO DE TOMIÑO.

No Concello de Tomiño, a 29 de xuño de 2021 sendo as 13:00 horas réunese mediante videoconferencia o tribunal para realizar a valoración dos méritos de maneira definitiva para a contratación dun técnico/a do “Programa para a xestión de candidaturas e proxectos enmarcados no Plan de recuperación, e resiliencia Next Generation EU e no novo Marco financeiro plurianual 2021-2027”.

1.- O TRIBUNAL está constituído polos seguintes membros:

-PRESIDENTE: ANA I. MORGADAS CAMPO, *Interventora do Concello de Tomiño*

-VOGAIS:

- M^a DEL CARMEN FERNÁNDEZ LÓPEZ, *AEDL do Concello de Tomiño*
- RICARDO PERNAS ROMANÍ, *tesoureiro do Concello de Tomiño*
- RUBÉN C. LOIS GONZÁLEZ, *Catedrático de Análise Xeográfica Rexional e Coordinador do GI-1871 (Grupo ANTE – Análise Territorial) da USC*
- MARCOS AREÁN, *Técnico de Administración Xeral do Servizo de Cooperación da Deputación de Pontevedra*

-SECRETARIA:

- CATALINA ECHEVARRÍA BUADES, *Secretaria do Concello*

2.- VALORACIÓN DEFINITIVA DOS MÉRITOS ALEGADOS:

A valoración provisional dos méritos alegados polas persoas candidatas a esta praza, publicouse na páxina web do Concello o 23 de xuño de 2021, dando un prazo de tres días hábiles para presentar alegacións.

Transcorrido o devandito prazo e tras presentarse durante o mesmo tres alegacións, ponse de manifesto a continuación á resposta ás mesmas:

Alegación de Doña M^a Dolores Daviña Romero, presentada o 24/06/2021, na que se engadía ao expediente unha certificación de servizos prestados como Axente de emprego local e Axente de emprego e desenvolvemento local na administración local para a súa valoración.

Con respecto á mesma o tribunal comproba que se trata dun documento xa presentado no momento da solicitude e non aclara en maior medida a “experiencia profesional como Técnico/a na Administración Pública na xestión de axudas de programas europeos”, tal e como



se esixe nas bases da convocatoria. Polo tanto acorda manter a valoración inicial desta candidata.

Alegación de **D. Manuel González Baz**, presentada o 28 de xuño de 2021, á que ademais do seu escrito aclaratorio, xunta o certificado das materias do título de Master Universitario en Xestión Sustentable da Terra e do Territorio, presentado no momento da solicitude, así como un certificado especificando en maior medida as funcións realizadas durante a súa contratación como persoal investigador dun proxecto LIFE-Natura da Unión Europea: (life fluvial).

Á vista do alegado o tribunal acorda non cambiar a valoración inicial dos méritos deste candidato, dado que no que respecta á experiencia profesional esta non é de técnico de xestión do programa no que participou, tal e como esixen as bases da convocatoria deste posto, senón de técnico superior de apoio á investigación.

No que respecta ás materias do máster e do curso de Sistemas de información xeográfica, aínda que detallan en maior medida os contidos dos mesmos, o tribunal considera que non concretan unha maior relación directa coas funcións do posto, no que se refire á xestión de proxectos europeos, ao considerar que se trata de contidos transversais ás funcións de calquera posto de técnico, pero que non están en maior medida relacionadas coas funcións do posto de técnico/a do “Programa para a xestión de candidaturas e proxectos enmarcados no Plan de recuperación, e resiliencia Next Generation EU e no novo Marco financeiro plurianual 2021-2027”.

Alegación de D. Xabier Macías Virgós, presentada o 25 de xuño de 2021, detallando no seu escrito a relación directa coas funcións do posto dos seguintes cursos alegados xunto coa solicitude, non valorados polo tribunal:

- Psicoloxía da intervención comunitaria.
- Avaliación, programación e supervisión de políticas de inserción social.

O tribunal considera que non concreta unha maior relación directa coas funcións do posto, no que se refire á xestión de proxectos europeos, ao considerar que se trata de contidos transversais ás funcións de calquera posto de técnico, pero que non están en maior medida relacionadas coas funcións do posto de técnico/a do “Programa para a xestión de candidaturas e proxectos enmarcados no Plan de recuperación, e resiliencia Next Generation EU e no novo Marco financeiro plurianual 2021-2027”.

No que respecta á valoración da experiencia profesional, o candidato demanda que o período de experiencia laboral como técnico de proxecto de cooperación transfronteiriza na administración local (1094 días, do 21/03/2018 ao 18/03/2021), se valore con 3,6 puntos, segundo os seus cálculos. O tribunal considera que ao establecer as bases deste proceso selectivo a valoración da experiencia profesional por meses completos, o cómputo en función do número de días non é aplicable, debendo computarse os meses de data a data. É dicir, para considerar 36 meses, a súa relación laboral tiña que ter rematado o 20 de marzo de 2021, pero rematou dous días antes, polo que non se pode valorar o último mes como completo.



Polo tanto este tribunal, acorda non modificar a valoración inicial dos mérito alegados por este último candidato.

Quedando a valoración definitiva dos méritos alegados igual que a provisional, como se indica no seguinte cadro:

APELIDOS	NOME	FORMACION (MAX. 2 PUNTOS)	EXPER.PROF. (0,1 PUNTOS/MES) (MÁX 3,6 PTOS)	MERITOS ACADEMICOS	TOTAL
BARREIRO RODRÍGUEZ	OCTAVIO	0	0	0	0
CABALLERO FERNANDEZ	DAMIÁN	0	0	0	0
DAVIÑA ROMERO	MARIA DOLORES	1,7	2,4	0	4,1
DE VALENZUELA BANDÍN	ÁNGELA LUCIA	0	0	0	0
FERNÁNDEZ NOGUEIRA	CLARA	0,6	0	0	0,6
FERNÁNDEZ RIO	ORLANDO	0	0	0	0
FERNÁNDEZ SOUSA	LOIS	0,5	0	0	0,5
GONZÁLEZ BAZ	MANUEL	0,5	0	0	0,5
MACÍAS VIRGÓS	XABIER	0,5	3,5	0	4
MERINO MARIÑO	MÓNICA	0	0	0	0
RODRÍGUEZ ESCRIBANO	FELIPE	0	0	0	0
ROSA BURGUEÑO	MARIANA	0	0	0	0
VAZQUEZ SALVADORES	SERGIO	0	0	0	0

Os másteres e cursos de posgrao foron valorados en todos os casos como formación, dado que era o máis beneficioso para as persoas candidatas.

3. PROBA PRÁCTICA

A proba práctica terá lugar o vindeiro **martes día 6 de xullo de 2021 ás 9:30 horas no Concello de Tomiño**, Praza do Seixo en Tomiño. **Ao remate da mesma iniciárase a lectura dos exercicios.**

Os **chamamentos para realizar a proba práctica serán únicos**, entendéndose que decaen dos seus dereitos as persoas aspirantes que non acudan a súa hora.



4. PROBAS DE COÑECEMENTO DE IDIOMAS

Aquelas persoas aspirantes que superen a proba práctica serán convocadas con posterioridade para realizar as probas de coñecemento dos idiomas portugués, inglés e galego (se non se acreditou debidamente).

Dáse por acabado o acto ás 14:00 horas estendéndose esta acta que asinaron os compoñentes do tribunal.

O QUE SE FAI PUBLICO PARA XERAL COÑECEMENTO

A PRESIDENTA

O TRIBUNAL

A SECRETARIA

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

